



Resolución do 18 de febreiro de 2025 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se convoca a concesión do Selo Biblioteca Escolar Solidaria e a selección de experiencias de Voluntariado na biblioteca escolar Primaria de centros integrados no programa BIBLIOTECAS ESCOLARES SOLIDARIAS, destinadas a centros públicos de nivel non universitario e de titularidade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, no curso 2024/25.

As novas bibliotecas están a transformarse en espazos de encontro entre os distintos sectores da comunidade escolar, de intercambio de información e de construción de coñecemento, a través dunha variedade de actividades que poñen o enfoque, cada vez máis, nas experiencias compartidas de lectura. Os recursos dos que dispoñen, de maneira física ou virtual, alcanzan, a través das actividades programadas, a un importante número de persoas de diferente idade, nivel de formación, intereses, orixe socioeconómica ou sensibilidade.

Unha das funcións máis importantes da biblioteca escolar é a de axudar a paliar as desigualdades no acceso aos recursos culturais e de acceso ao coñecemento, poñendo a disposición de todo o alumnado, independentemente da súa situación socioeconómica, todas as ferramentas precisas para avanzar na súa formación como lector crítico e como usuario e produtor de información, competencias clave na actual sociedade da información. Fóra da súa mera existencia e da difusión dos recursos dispoñibles, cómpre o deseño de actividades que decididamente contribúan a un uso cotián destes instrumentos culturais por parte do alumnado que máis o precisa.

Neste sentido, o Plan LÍA 2021/2025 de Bibliotecas Escolares, da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, pretende, reforzar as bibliotecas escolares como espazos para o desenvolvemento persoal, social e cultural de todo o alumnado e das comunidades educativas no seu conxunto, incidindo nun enfoque inclusivo e na potencialidade da biblioteca escolar como factor de compensación social e de equidade, promovendo a participación activa do alumnado, e a presenza das familias e outros axentes sociais.

Así pois, Bibliotecas Escolares Solidarias responde aos obxectivos do Plan LÍA 2021/2025 de Bibliotecas Escolares e conta coa colaboración da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social, onde se integra como un programa de voluntariado cultural, na liña doutras actuacións xa existentes entre as dúas consellerías. Polo tanto, de acordo co anteriormente exposto, esta Dirección xeral,

RESOLVE

Apartado 1. Obxecto

O obxecto desta resolución é recoñecer as bibliotecas que traballan de forma salientable a compensación de desigualdades e fomentan o voluntariado cultural e social entre os



integrantes da comunidade escolar e o traballo das comunidades educativas a prol dunhas bibliotecas escolares atentas ás necesidades de todos os seus integrantes en materia de lectura e de acceso ao coñecemento mediante un apoio económico que sustente estas iniciativas, a través da selección de:

- a) Un máximo de **5 centros** para a concesión do **Selo Biblioteca Escolar Solidaria**. As candidaturas reflectirán un enfoque da planificación da biblioteca solidaria sobre problemas reais que afectan á comunidade educativa, e que se pode orientar arredor dos obxectivos da Axenda 2030 da ONU para o Desenvolvemento Sustentable. Poderán solicitar este recoñecemento as bibliotecas dos centros docentes públicos de titularidade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, nos que se impartan ensinanzas de Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria, Bacharelato, ciclos formativos ou ensinanzas de réxime especial.
- b) Un máximo de **10 experiencias** na modalidade de **Voluntariado na biblioteca escolar Primaria** entre as bibliotecas dos centros docentes públicos de titularidade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional de Educación Primaria para o alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria que poidan encaixar nunha das tres categorías descritas na Resolución do 16 de outubro de 2024 da Dirección Ordenación e Innovación Educativa pola que se convoca para o curso 2024/25 o programa denominado BIBLIOTECAS ESCOLARES SOLIDARIAS, integrado no PLAN LÍA (Lectura, Información e Aprendizaxe) de bibliotecas escolares, da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e que resultaran admitidos no programa Bibliotecas Escolares Solidarias, dentro da devandita modalidade, no curso actual.

Apartado 2. Prazo de presentación da documentación e criterios de avaliación

1. Modalidade Selo Biblioteca Escolar Solidaria

Os centros interesados disporán dun prazo de 15 días hábiles a contar a partir do día seguinte da publicación desta resolución no portal educativo (<https://www.edu.xunta.gal/portal/>) para presentar a solicitude habilitada na aplicación <https://edu.xunta.gal/programasbibliotecas/> xunto coa seguinte documentación:

- a) Memoria das actividades polas cales se solicita o recoñecemento.
- b) Certificación da dirección conforme as actividades están integradas na programación anual da biblioteca e coordinadas polo equipo responsable dela.

2. Modalidade Voluntariado na biblioteca escolar Primaria:

Co fin de optar á selección de centros galardoados polas súas actividades, a memoria entregada ao abeiro Resolución do 16 de outubro de 2024, anteriormente citada, deberá





recoller as actividades deseñadas e realizadas pola biblioteca do centro, que se encadren no ámbito do voluntariado de lectura, e nas que estivese directamente implicado alumnado dos dous últimos cursos de ensino primario, acorde cos datos reflectidos na solicitude de inscrición (categoría e breve descrición), tal e como se recolle no apartado 4 da devandita resolución.

Para a elaboración da memoria da modalidade Voluntariado na biblioteca escolar Primaria existirá un modelo dispoñible na propia aplicación. Esa memoria poderá completarse enviando ata un máximo de 6 imaxes en formato JPG cun peso total de 2 MB tal e como se recolle o citado apartado 4. A memoria estará asinada pola persoa coordinadora e visada pola dirección do centro. Os arquivos correspondentes a esta memoria final deberán subirse en formato PDF na aplicación dispoñible no seguinte enlace <https://edu.xunta.gal/programasbibliotecas/>

3. Para a selección dos centros participantes na modalidade de **Selo Biblioteca Escolar Solidaria** teranse en conta os seguintes aspectos, cun máximo de 10 puntos:
 - a) Propiciar valores de xustiza e solidariedade, e procurar de forma destacada a compensación de desigualdades, poñendo os recursos da biblioteca ao servizo de toda a comunidade educativa mediante un programa específico de medidas estruturais e sistemáticas que permitan paliar as situacións de desigualdade en relación co acceso aos recursos de información (ata un máximo de **4 puntos**).
 - b) Contar cun equipo de colaboradores, formado por alumnado voluntario que se compromete anualmente a realizar unha serie de tarefas en relación coa biblioteca (ata un máximo de **2,5 puntos**).
 - c) Contar con familias voluntarias que colaboren na xestión e dinamización da biblioteca escolar, deseñando e desenvolvendo actividades concretas de apoio á biblioteca e de lectura compartida, de estímulo ao alumnado con necesidades específicas de atención educativa, entre outras (ata un máximo de **2,5 puntos**).
 - d) Valoraranse aquelas iniciativas que poñan especial atención no fomento da lectura, no acceso á información e nos obxectivos da Axenda 2030 da ONU para o Desenvolvemento Sustentable (ata un máximo de **1 punto**).
4. Para a selección dos centros participantes na modalidade de **Voluntariado na biblioteca escolar Primaria** valoraranse as memorias entregadas, en prazo e forma, cun **máximo de 10 puntos** en función dos seguintes aspectos:
 - a) Calidade, diversidade das actividades, grao de continuidade, así como coherencia en relación co obxecto da presente convocatoria (ata un máximo de **4 puntos**).



- b) Difusión das actividades a través da rede: blog da biblioteca, páxina web do centro ou doutros medios, ao longo do curso académico (ata un máximo de **0,5 puntos**).
- c) Grao de autonomía alcanzado polo alumnado na organización e desenvolvemento das actividades realizadas, que se detallarán na memoria (ata un máximo de **2,5 puntos**).
- d) Compromiso do profesorado responsable e implicación da comunidade educativa no seu conxunto, que se poñerá de manifesto na descrición da organización e funcionamento das actividades realizadas (ata un máximo de **1,5 puntos**).
- e) Número total de alumnos e alumnas implicados directamente nas actividades descritas, non como beneficiarios, senón como protagonistas activos no deseño, organización e desenvolvemento das actividades (ata un máximo de **1,5 puntos**).

A Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa poderá elaborar un breve informe que difundirá a través do portal educativo e doutros medios ao seu dispor e publicará información, así mesmo, sobre aquelas experiencias que merezan difusión pola calidade e repercusión das súas propostas, incidindo no alcance destas actividades na educación para a solidariedade e o espírito de voluntariado do alumnado galego, así como a súa contribución no desenvolvemento de competencias clave.

Apartado 3. Dotación orzamentaria

Para esta iniciativa destínase un importe global de **13.500 €**, con cargo á partida orzamentaria **07.03.423A.640.10** Programas de atención á biblioteca escolar, dos orzamentos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional para o ano 2025, tal como se describe a continuación:

- a) Rematado o prazo de presentación de candidaturas para a obtención do **Selo Biblioteca Escolar Solidaria**, correspondente ao curso 2024/25, a comisión de valoración, presentará unha proposta a esta Dirección Xeral para a concesión dun máximo de **5 selos**, cunha asignación de **1.500 €** por cada selo, que deberá destinarse a actividades da biblioteca escolar no ámbito da atención da diversidade, que faciliten avances na configuración dunha biblioteca inclusiva; así mesmo, esta asignación poderá destinarse a actividades da biblioteca escolar con implicación das familias, no contexto dos obxectivos da Axenda 2030 da ONU de desenvolvemento sustentable.
- b) Na modalidade de **Voluntariado na biblioteca escolar Primaria** cada un dos **10 centros** seleccionados recibirá unha asignación de **600 €** para o desenvolvemento dun obradoiro especializado que poderá versar sobre algunha destas temáticas: lectura expresiva, narración oral, escrita creativa, a radio como medio de comunicación, a elaboración de





booktrailers, os xogos cooperativos e tradicionais ou a música e danza tradicionais, destinados a un grupo de alumnos e alumnas que tivesen ao longo do curso un papel protagonista (dentro do grupo de voluntarios e voluntarias), participando directamente no deseño e xestión de actividades na biblioteca escolar. En todo caso, será o equipo de biblioteca quen decida finalmente a configuración do grupo que participe nos obradoiros, dentro dos límites da propia actividade para un mellor aproveitamento.

Apartado 4. Comisión de valoración

Constitúese unha comisión como órgano colexiado creado expresamente en virtude desta resolución, coas seguintes funcións: instrución de todo o procedemento, avaliación das memorias presentadas e proposta de seleccionar dos centros que se distingan pola calidade das actividades realizadas ao longo curso escolar, viabilidade e compromiso da comunicada educativa.

A comisión terá a seguinte composición:

Presidencia: a persoa titular da Xefatura do Servizo de Innovación e Programas Educativos ou persoa en quen delegue.

Vogalía:

- a) A persoa titular da Xefatura do Servizo de Voluntariado e Participación (Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude) ou persoa en quen delegue.
- b) As persoas asesoras responsables da Asesoría de Bibliotecas Escolares, unha delas fará as funcións de secretaria.

Na modalidade de **experiencias de Voluntariado na biblioteca escolar Primaria**, os centros non poderán ser seleccionados dous anos consecutivos, polo que aqueles centros seleccionados na convocatoria do curso 2023/24 non aparecerán entre os centros galardoados.

Apartado 5. Resolución

Á vista desta proposta da comisión de valoración, a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa resolverá a convocatoria, que será publicada no Portal Educativo <http://www.edu.xunta.gal/portal/>

1. Esta resolución será comunicada a través do correo electrónico a todos os centros participantes para a concesión do **Selo Biblioteca Escolar Solidaria** e para aqueles participantes na modalidade de **Voluntariado na biblioteca escolar Primaria**.





2. Os centros seleccionados na modalidade de **Voluntariado Escolar Primaria** realizarán un obradoiro específico, tal e como se recolle no apartado 3 punto b) desta resolución.
3. A Asesoría de Bibliotecas Escolares, unidade que realiza o seguimento do programa, proporcionará a información pertinente para levar a cabo esta actividade no centro, que deberá realizarse antes do remate do curso escolar.
4. Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da consellería no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no portal educativo, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo máximo para resolver este procedemento será de tres meses. Se transcorrese o citado prazo sen que recaese resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Apartado 6. Pagamento dos premios

O pagamento farase conforme ao seguinte procedemento:

- a) As contías asignadas a estes premios transferiranse pola Habilitación do Departamento Territorial da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da provincia correspondente, á conta corrente que os centros teñan autorizada para gastos de funcionamento, nun único pagamento no período correspondente ao exercicio económico 2025.
- b) O importe concedido a cada centro premiado deberá destinarse a sufragar gastos imputables ao obxecto do premio, segundo o estipulado no apartado terceiro desta resolución.
- c) Os centros xustificaran os gastos realizados xuntando as copias das facturas correspondentes coa presentación do modelo que figura como Anexo II, debidamente asinado, con anterioridade ao 30 de novembro de 2025.
- d) As facturas, así como os seus xustificantes de pagamento, quedarán baixo custodia e responsabilidade da persoa que asuma as funcións da secretaría do centro, a disposición da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e dos órganos de control financeiro da Comunidade Autónoma, para a realización das comprobacións oportunas no ámbito das súas respectivas competencias.



A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional poderá solicitar información sobre os custos específicos derivados desta resolución, polo que estes gastos deberán estar perfectamente identificados na conta de xestión do orzamento do centro, referida ao 31 de decembro de 2025, segundo o establecido no Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios

Apartado 7. Difusión das experiencias

Os materiais elaborados pasarán a ser propiedade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, conservando a autoría dos seus creadores, co fin de servir como exemplo de boas prácticas, para o que deberán ser publicados cunha Licenza Creative Commons CC BY-NC-SA



Permítese o uso non comercial da obra e das posibles obras derivadas, a distribución das cales debe facerse cunha licenza igual á que regula a obra orixinal.

Cando os centros fagan difusión dos traballos realizados no contexto do programa Bibliotecas Escolares Solidarias nos seus espazos web, deberán indicar a súa participación neste proxecto da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, coa utilización do logo do programa, que deben descargar no enderezo: <https://www.edu.xunta.gal/biblioteca/blog/?q=node/1690>

Disposición adicional única. Información básica sobre protección de datos persoais

1. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento.
2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión en interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme á normativa aplicable e as referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>
3. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou de forma presencial nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>





4. No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Judith Fernández Novoa





DOTACIÓN EXTRAORDINARIA SELO BIBLIOTECA ESCOLAR SOLIDARIA 2024/25 Actuacións da biblioteca escolar con implicación das familias no contexto dos obxectivos da Axenda 2030 da ONU de desenvolvemento sustentable	XUSTIFICACIÓN DO GASTO
---	-----------------------------------

Nome do centro		Código do centro	
Enderezo		Localidade	
Código Postal	Concello	Provincia	Teléfono

A.- INGRESOS

Cantidade total asignada A contía asignada ten carácter finalista, polo que deberá destinarse unicamente aos fins estipulados: actividades da biblioteca escolar con implicación das familias, no contexto dos obxectivos da Axenda2030 da ONU, de desenvolvemento sustentable. As facturas orixinais permanecerán arquivadas na Secretaría do centro, convenientemente identificadas e á disposición dos órganos de fiscalización e control desta consellería. Achegarase con este impreso unha copia simple das facturas correspondentes.	1.500 €
---	----------------

B. GASTOS

Relación de facturas		
Nº factura	Provedor/a	Importe
TOTAL GASTO		

Dona / Don, _____

en calidade de presidenta/e do Consello Escolar do Centro, CERTIFICA

Que as facturas que se detallan corresponden a gastos relacionados coa biblioteca escolar, realizados durante o ano 2025, trala recepción da axuda na conta do centro, destinados a actividades da biblioteca escolar con implicación das familias, no contexto dos obxectivos da Axenda 2030 da ONU de desenvolvemento sustentable.

En _____ a _____ de _____ de 20 _____

A/O Presidenta/e do Consello Escolar

Asdo.: _____





BIBLIOTECAS ESCOLARES SOLIDARIAS 2024/25
VOLUNTARIADO PRIMARIA/CENTROS SELECCIONADOS
Asignación para obradoiros

**XUSTIFICACIÓN
DO GASTO**

Nome do centro		Código do centro	
Enderezo		Localidade	
Código Postal	Concello	Provincia	Teléfono

A.- INGRESOS

Cantidade total asignada	600 €
A contía asignada ten carácter finalista, polo que deberá destinarse unicamente aos fins estipulados: a realización de obradoiros específicos destinados ao alumnado voluntario. As facturas orixinais permanecerán arquivadas na Secretaría do centro, convenientemente identificadas e á disposición dos órganos de fiscalización e control desta consellería. Achegárase con este impreso unha copia simple das facturas correspondentes.	

B. GASTOS

Relación de facturas		
Nº factura	Provedor/a	Importe
TOTAL GASTO		

Dona / Don, _____

, en calidade de presidenta/e do Consello Escolar do Centro, CERTIFICA:

Que as facturas que se detallan corresponden á realización dun obradoiro específico destinado ao alumnado que participa no programa de voluntariado primaria, dentro das iniciativas da biblioteca escolar.

En _____ a _____ de _____ de 20 _____

A/O Presidenta/e do Consello Escolar

Asdo.: _____

